



 XUNTA  
DE GALICIA.

 Xacobeo 21-22

## Corcubi3n



**un paseo de  
historia e vida**





## Corcubiión

CORCUBIÓN É O CONCELLO MÁIS PEQUENO DE GALICIA E ESTÁ FORMADO UNICAMENTE POR DÚAS PARROQUIAS: REDONDA E SAN MARCOS, ESTA ÚLTIMA CUNHA ZONA VELLA DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO NO ANO 1984. A VILA ESTÁ SITUADA NA RÍA DE CORCUBIÓN E FORMA PARTE DO TERRITORIO COÑECIDO COMO A COSTA DA MORTE. POLAS SÚAS RÚAS E SENDEIROS É HABITUAL VER PEREGRINOS, POSTO QUE SE ENCONTRA NA EXTENSIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO A FISTERRA. NO AÑO 2000 CORCUBIÓN FOI DECLARADO CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO.

# Imprescindibles

A Casa Miñóns



B Mirador Benigno Lado e paseo marítimo



C Antigos Xulgados



D Casa Teixeira



E Igrexa de San Marcos da Cadeira



F Pazo de Altamira



# A ruta



- 1 Praza Castelao
- 2 Praza José Carrera
- 3 Rúa Antonio Porrúa
- 4 Campo de Santo Antonio
- 5 Mirador Benigno Lago
- 6 Rúa Pepe Miñóns
- 7 Rúa Juan Benito Carrera Fábregas
- 8 Praza Párroco Francisco Sánchez
- 9 Rúa San Marcos
- 10 Avenida da Mariña





# Corcubiión

CORCUBIÓN É O CONCELLO MÁIS PEQUENO DE GALICIA E ESTÁ FORMADO UNICAMENTE POR DÚAS PARROQUIAS: REDONDA E SAN MARCOS, ESTA ÚLTIMA CUNHA ZONA VELLA DECLARADA CONXUNTO HISTÓRICO NO ANO 1984. A VILA ESTÁ SITUADA NA RÍA DE CORCUBIÓN E FORMA PARTE DO TERRITORIO COÑECIDO COMO A COSTA DA MORTE. POLAS SÚAS RÚAS E SENDEIROS É HABITUAL VER PEREGRINOS, POSTO QUE SE ENCONTRA NA EXTENSIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO A FISTERRA. NO AÑO 2000 CORCUBIÓN FOI DECLARADO CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO.

A nosa ruta comeza na **praza Castelao** <sup>1</sup>, lugar de fácil acceso, con aparcadoiro público e parada de autobús próximos. Esta é a praza máis importante e ampla de Corcubiión, na que podemos ver o [CASINO](#) e a [CASA MIÑONES](#), no nº 15. Este edificio pertenceu a Manuel Miñones Barros, correspondente do Banco de España, representante de Tabacalera, político liberal, alcalde de Corcubiión e vicecónsul de Alemaña e Arxentina. Manuel Miñones chegou a ser proposto para a concesión da Orde da Aguiá vermella por ter apoiado o avituallamento de somerxibles alemás na ría de Corcubiión durante a I Guerra Mundial.

**P. ANTERIORES** Detalle de vivenda mariñeira e vista do porto desde a praza Párroco Francisco Sánchez

**ABAIX** Casa Miñóns

**PÁXINA OPOSTA** Peixería Mar Viva

En fronte da súa casa eríxese un monumento na súa honra, pola súa achega ao desenvolvemento da vila.

Xusto ao lado, encóntrase a [Peixería Mar Viva](#), a primeira peixería turística da zona onde non só se poden mercar peixe e marisco fresco, senón tamén degustalos no restaurante que teñen no primeiro andar. Aquí o cliente escolle o produto, o xeito de elaboración e a gornición, e crea así o prato que desexa.

A estrutura das casas da praza é moi similar; a maioría ten un balcón de ferro forxado no primeiro andar e galerías na superior, o que lles confiren unha certa harmonía. No pequeno palmeiral descubrimos un sinal que nos indica que estamos no Camiño ao Cabo de Fisterra; apenas nos quedan 14 quilómetros para chegar alí.

Na mesma praza, atopámonos coa [Cafetería Pazo](#), todo un clásico en Corcubiión, con máis











de medio século de andaina no mundo da hostalaría. Nos últimos anos converteuse en lugar de parada e reunión para peregrinos e visitantes, non é de estrañar por iso que aquí lles selen a súa credencial de paso aos peregrinos.

A poucos metros desembocamos na **praza José Carrera** 2, onde destaca o edificio que leva o nome deste indiano e filántropo que lle da nome. José Carrera Fábregas emigrou a Bos Aires e alí fixo fortuna, chegando a ocu-

par a vicepresidencia do Banco de Galicia e Bos Aires. Axudou aos seus paisanos pagándolles unha pensión aos máis desfavorecidos e socorrendo a aqueles que emigraban a Arxentina. Cumpriu tamén o seu desexo de construír un centro educativo na súa vila natal, na capela da cal, hoxe desaparecida, estiveron depositados os seus restos durante anos, na urna de zinc na que fora traído cando o seu cadáver foi repatriado. Actualmente, o edificio, é sede do Concello de Corcubión e acolle tamén varias dependencias públicas.

Aquí tamén se encontra o Mercado Municipal de Corcubión, onde venden produtos frescos da zona, e o restaurante *Mar Viva II*, o primeiro establecemento certificado

**P. ANTERIORES** Arquitectura fidalga blasonada da rúa Antonio Porrúa e Peixería Mar Viva

**ARRIBA** Igrexia de San Marcos de Cadeira

**ABAIXO** Detalle na rúa Antonio Porrúa



coa marca Polbo de Lonxa, que garante que o polbo que alí se serve procede das lonxas de localidades próximas coma Fisterra, Corcubión, Lira, Muros ou Porto do Son.

O noso paseo continúa pola **rúa Antonio Porrúa** 3, antes coñecida como a Rúa Real, na que descubrimos bos exemplos de arquitectura fidalga brasonada e a pequena **CAPELA DO PILAR**, de 1931, vencellada ao Asilo de Ancián Pobres Desamparados. Hoxe en día é utilizada polos veciños para realizar diversas actividades culturais.

Dende o balcón da *Taberna Mariñeira O Ribeiro* reclámanos un pirata; hai quen afirma que a zona foi gorida dalgúns deles cando sucaban estes mares. Ao seu carón, xunto ao edificio dunha vella fábrica de gasosas, está o *Bar O Quenxeiro*, que ofrece tapas e racións, e no que se celebran con frecuencia actua-



cións musicais que dinamizan a vida cultural de Corcubión.

Pola mesma rúa chegamos á *Ferraxaría-Bazar San Marcos*, onde ademais dos artigos propios dun bazar, tamén podemos adquirir accesorios para a pesca e o submarinismo. Esta actividade esperta un grande interese debido aos numerosos naufraxios localizados na zona, que veñen sendo obxecto de estudo nos últimos anos. Lembremos que a contorna de Carrumeiro Chico -baixos rochosos na ría de Corcubión- é coñecida como o cemiterio dos barcos gregos, xa que, a comezos do século XX, varios vapores de armadores gregos naufragaron nestas augas.

Paga a pena achegarse dende aquí ata a parte alta da vila e visitar o **campo de Santo Antonio** 4, coa súa capela e cruceiro barrocos.

**ARRIBA** Capela de Santo Antonio


**ABAIXO** Taberna mariñeira O Ribeiro





De camiño iremos deixando un bo exemplo de arquitectura popular no que as vivendas amósannos os seus patíns, solainas e galerías sostidas con recias columnas e vigas de pedra. Unha delas é a [Casa de Carmen](#), unha edificación do século XVII totalmente restaurada e hoxe reconvertida en aloxamento turístico, na que se respectou a configuración da arquitectura das casas mariñeiras.

Subindo pola **rúa Perigos** 5 chegamos á [CAPELA DE SANTO ANTÓN](#), que foi fundada por Petronila de Rocha no ano 1719, tal e como se pode ler na inscrición gravada na base do cruceiro; unha veciña de Moraime (Muxía) ordenou construíla para asegurarlle unha capelanía a un parente seu. No mesmo adro da igrexa, un busto recorda ao párroco D. Ramón Dosil Martínez, promotor da Asociación Por una vida sin droga. O seu incansable traballo a favor da xuventude local fixo que



os seus veciños e fregueses o lembren con esta pequena homenaxe.

Descendemos polas escaleiras cara a **rúa Rafael Juan** e no nº 44 chegamos á [Casa da Balea](#). Trátase dun aloxamento rústico, con encanto, nun edificio recuperado e cuxa temática xira arredor da balea. Na ría de Corcubión existiu, entre os anos 1924 e 1985, unha factoría baleeira que procesou miles de cetáceos para a obtención de carne, aceite, graxas, barbas, guano e ámbar gris, este último moi apreciado na alta perfumaría.



Seguimos o noso descenso ata conectar co Paseo Marítimo pasando polo **miradoiro Ramón Pais** e chegando ao **miradoiro Benigno Lago**, inaugurado en 1981, onde

**ARRIBA** Antigos Xulgados de Corcubión  
**ABAIXO** Detalle da fachada do Xulgado  
**PÁXINA OPOSTA** Mirador Benigno Lado





podemos deternos a contemplar a enseada e o seu porto, un dos recunchos máis fermosos de Corcubión. O miradoiro está presidido polo **MONUMENTO A BENIGNO LAGO** que, a finais do século XIX, emigrou a Arxentina e Perú onde, grazas ao seu traballo na explotación de minas de mica e na industria pesqueira, fixo unha gran fortuna, parte da cal a investiu na súa vila natal. Entre outras obras que cabe salientar, están a súa achega ao saneamento da ría, conseguir que Corcubión fose un dos primeiros concellos da provincia en ter abastecemento de auga potable e instaurar unha industria pesqueira cunha importante flota naval.

Despois dese agasallo para a vista, subimos pola **Rúa Pepe Miñóns** 6 para atopármolos co **VELLO XULGADO DE CORCUBIÓN**, un colorista edificio modernista, hoxe deshabitado, no que destacan unhas traballadas galerías.

Dende aquí iniciamos un pequeno percorrido polas casas brasonadas da vila.

Na praza Médico Ramón Carrera encóntrase a **CASA DE JOSÉ SENDÓN**, co escudo de armas da familia e as súas serpes afrontadas. Xusto en fronte, **Mercería Lola** desprega todo o encanto dos negocios doutra época e no seu interior non faltan os nobelos de lá, fíos, botóns, puntillas e bordados... Antes de seguir, e para repoñer forzas, podemos probar unha saborosa empanada no **Forno**,



que tamén ofrece un menú diario e comida para levar.

Continuamos o noso percorrido pola rúa Mártires, en lembranza dos mártires de Corcubión que participaron nas guerras contra os franceses alá polo 1809, e chegamos ao Campo do Rolo, sendo, xacando, o lugar onde se executaban as penas impostas polo xuíz e o alcalde.

Máis adiante, na **rúa Juan Benito Carrera Fábregas** 7, podemos ver o **PAZO DOS TRABA**, señores de Corcubión na Idade Media, que presenta unha tradicional arquitectura

marifeira de casa con patín e paramento irregular.

Regresamos ao Campo do Rolo para tomar a rúa As Mercedes e, no nº 1 atopámonos con outro palacete: a **CASA TEIXEIRA**, co imponente escudo da Familia Obregón.

O noso paseo lévanos á **praza Párroco Francisco Sánchez** 8, presidida pola **IGREXA DE SAN MARCOS DA CADEIRA**, un claro exemplo de estilo gótico marifeiro dos séculos XIV-XV, aínda que logo sufriría múltiples reformas polos incendios provocados durante as invasións napoleónicas ou froito das catástrofes naturais. O seu interior acolle a talla de San Marcos da Cadeira, que, segundo conta a lenda, arribou a Corcubión nun buque veneciano. Dende a súa chegada, desatáronse continuas tempestades que impedían que o barco levantase áncoras e a tripulación, desesperada, decidiu abandonar a imaxe na igrexa. A partir dese intre o tempo mellorou

**P. OPUESTA, ARRIBA** Casa Teixeira

**P. OPOSTA, ABAIXO** Talla de San Marcos de Cadeira

**ARRIBA** Pazo de Altamira





e o buque puido partir, o que se interpretou como a manifestación do desexo de San Marcos de se quedar na vila. A praza rende homenaxe ao párroco Francisco Sánchez, quen intercedeu para evitar o fusilamento de vinte e tres presos en 1936, durante a Guerra Civil. Un monumento costeado pola subscripción popular mantén viva a memoria deste humilde home.

Baixando pola **rúa San Marcos** <sup>9</sup> chegamos ao PAZO DE ALTAMIRA. O edificio construíuse para albergar a residencia dos condes, antigos Señores de Corcubión, que estableceron a capitalidade da xurisdición no ano 1430. Serviu tamén de sede do cárcere e de Sala de Audiencias do Xulgado Señorial. Ocupando as vellas cortes do pazo está La Gavilla (entrada por Travesía Mariña nº 13), un local de referencia na vida nocturna de Corcubión.

Seguindo a **avenida da Mariña** <sup>10</sup>, algúns negocios de restauración, coma o Café-Bar Alborada, o Restaurante San Martín ou o Restaurante Carrumeiro, permitirannos gozar da gastronomía local con produtos frescos da ría. Diante deste último, na **avenida da Viña**, sorpréndenos un pequeno pero ben coidado xardín, con elementos decorativos típicos dunha vila mariñeira coma unha ánchora, unha maqueta de barco a grande escala

ou a columna de mármore en memoria dos maquinistas e fogueiros do torpedeiro Habana, que faleceron nesta costa no ano 1888.

A nosa visita remata no porto, dende onde podemos admirar as embarcacións tradicionais, a lonxa e os edificios do club náutico e do Cárcere do Partido, vella prisión provincial, rehabilitada en 1996 como Centro de Exposicións e Oficina de Información Turística, que mantén as diferentes dependencias de outrora coma o patio, as celas ou a enfermaría.





## A praia de Quenxe e o Faro do Cabo de Cee

A poucos metros do centro histórico de Corcubión atópase a PRAIA DE QUENXE, que nos ofrece unhas condicións excelentes ao pé da vila, con augas tranquilas, area branca e establecementos hostaleiros a noso servizo.

En 1457, as tropas de Don Rodrigo de Luna, Arcebispo de Compostela, desembarcaron nesta praia para enfrontarse ao señor de Altamira e foron derrotadas por Gomes de Riobóo, que capitaneaba á poboación local. Este acontecemento histórico recreáase todos os veráns durante a Feira Medieval.

Nas inmediacións está o CASTRO DE QUENXE, un poboado prerromano datado nos séculos I e II antes de Cristo. Aínda que se encontrasen escavar, o seu sitio permítenos afirmar que os poboadores xa pescaban na zona e posiblemente controlaban o acceso á enseada.

Camiño do Faro pasamos por diante do CASTELO DO CARDEAL, erixido no século XVIII como parte do sistema defensivo da Costa da Morte. Cunha dotación de doce canóns e máis de noventa soldados, protexía a zona do ataque dos piratas, xa que a enseada era paso obrigado para o seu refuxio e avituallamento nas rutas marítimas entre o Norte de Europa


e o Mediterráneo. Hoxe funciona como residencia privada.

A estrada remata no FARO DO CABO DE CEE, en funcionamento dende 1860 e cun alcance duns 13 quilómetros. Dende aquí contemplamos os perigosos baixíos rochosos de Lobeira e Carrumeiro, que tantos naufraxios causaron ao longo da historia, a gran mole granítica do Monte do Pindo, un lugar máxico para o pobo celta e o lendario Cabo Fisterra.


**ABAIXO** Faro de Corcubión

**PÁXINA OPOSTA** Praia de Quenxe

**P. SEGUINTE** Vista desde o faro







გზიციბ